


# OS MUNDOS DE BORLI




















Fai unha morea de anos, no mar das Illas Om vivía unha gran familia de peixes.

Alí eran moi felices descansando e comendo todo o día

A súa comida favorita eran as cebolas mariñas.





O 23 de abril fai 400 anos, abriuse un ovo e o reixiño que saiu devorou todas as cebolas do lugar.



De comer e comer, medrou tanto que se converteu nun peixe con forma de cebola.



Co paso dos anos, a familia deste peixe ao que chamaron Borli decidiu marchar a vivir a augas máis quentes pero Borli quixo quedar para vivir grandes aventuras.



Nadando nadando atopou un libro.

Quedou abraiado por todas esas páxinas cheas de debuxos e de algo que el non sabía o que era:

AS LETRAS



Ao final do libro atopou un mapa
que levaba a unha cova onde vivía a maga
do mar chamada Catapumba

Ela tiña
unha chea de libros e ensinoulle a Borli a
ler.

Dende aquel día, Borli só pensaba en
libros e a súa amiga Catapumba explicoulle
que existía un mundo cheo de contos
e historias fóra do mar.



Entón Borli pediulle a maga

que lle fixera un conxuro

para poder vivir fóra do mar, e así foi

como lle medraron os brazos e as pernas.



Dende

ose momento,

Borli converteuse

nanfibio.



Dende ese momento Borli converteuse nun anfibio e buscou novas aventuras que vivir. Buscando e buscando atopou un novo mapa que o levaba ao mundo dos libros. Ese lugar atopábase en Ardán concretamente nunha pequena illa chamada "Illa do Santo". Borli estaba moi agusto nese lugar pero botaba de menos ter unha casa.



Un día, un grupo de rapaces e rapazas que pasaban por alí de camiño ao seu cole paráronse a falar con el e ofrecéronlle un sitio para vivir. Nin máis nin menos que a biblioteca do seu cole! ¿Que mellor lugar ca ese para vivir entre libros?



Borli sentiuse moi agradecida, e aceptou irse con eles sen dubidalo nin nun intre. "Unha casa chea de libros, iso si que é vida!", pensaba Borli. Dende ese día convertiuse na mascota do cole e viviu na biblioteca.



Era un lugar estupendo pero... Agora resulta que botaba de menos ter unha cama para durmir. Por iso, todas as noites montaba unha cama cos libros que alí había, enriba dunha alfombra de números e letras que tiñan os nenos na biblioteca para sentarse, e tapábase coas follas dos mesmos.





Un día como outro calquera, ao despertar, Borli decidiu ir pasar á illa do Santo, pois tratábase dos seus lugares favoritos e recordáballe á súa vida anterior no mar.



Cando estaba pasando por alí, apareceu un becho xigante, de nome era Diaño, capturouno e ......



Capturouno e levouno á capela da illa. Alí esperábao tamén o polbo Pulpi, un ser maligno debido a unha intoxicación por petróleo. Diaño e Pulpi tramaron quitarlle os lentes a Borli porque tiñan curiosidade por saber como era o seu novo mundo terrestre e porque Borli decidira deixar os fondos mariños. O seu maléfico plan era destruír todos os libros e deixar ao mundo sen imaxinación e fantasía, en branco e negro.



Pulpi, que era máis malo aínda que Diaño, tramou quedarse el so cos lentes. Pero Diaño decatouse de que algo estraño estaba pasando... Por iso abalanzouse sobre el para arrebatarlle os lentes, con tan mala sorte que saíron disparadas cara o mar.



A princesa das sereas, que xustamente estaba nadando por alí, reconeceu os lentes de Borli e supuxo que algo lle acontecera na illa ao seu gran amigo. Nin corta, nin preguiceira acudiu ao seu rescate levándolle o seu obxecto máis prezado "A pedra das dimensións".



Pola camiño atopouse con Pulpi e Diña agarrárona e levárona á capela para encerrala con Borli. O que eles non sabían era que a Serea tiña a solución para rescatar a Borli coa súa pedra.



Unha vez alí, nun momento de despiste de Diaño e Pulpi, a serea introduciu a súa pedra nunha rocha circular (entrada da capela medieval) e transportou a cada un ao seu lugar: Borti ao colexio, a serea á súa vida mariña e aos dous malvados ao mundo dos trasnados.



Así, Borli aterrou de novo no colexio de Ardán cos seus lentes pero tamén coa agasallo da serea, "A Pedra das dimensións", para axudarlle nas súas seguintes aventuras.



Os rapaces e rapazas da escola estiveran moi preocupados pola súa ausencia durante todos eses días. Ninguen sabía nada del. Así que un deles preguntoulle -onde estiveches todos estes tempo? Ao que el respondeulle cunha nova historia.



# AVENTURA DAS SEREAS





UN DÍA, DURANTE UNHA TORMENTA,

BORLI

CAEU DENDE O BARCO PIRATA

AO MAR.





A PRINCESA SEREA MÁIS PEQUENA ESTABA MOI ENFERMA, COMERA UNHAS ALGAS QUE TIÑAN MICROPLÁSTICOS.



BORLI LEMBROU QUE TIÑA A "ROCIÓN

CURA TODO" QUE LLE REGALARA

A MAGA CATAPUMBA NUNHA DAS SÚAS

AVENTURAS.





A PRINCESA SEREA. BEBEU A POCIÓN
E CUROU.

TODOS SE PUXERON

CONTENTOS.



EN AGRADECEMENTO O SEU PAI
OIREI DO MAR, REGALOULLE A
BORLI
UNHASGAFAS ESPECIAIS,
FEITAS
DE CORAIS E NÁCAR.



CON ESAS GAFAS
MÁTICAS, BORLI,
PODE UISITAR O
MUNDO o DA FANTASIA
E TODO O QUE ALI
ACONTECE.



F P N